

II CHALLENGE DE CICLISMO C.C.A.G.C

TOURO-A ESTRADA-O PINO

Presentamos a 2ª Challenge do C.C.A.G.C. que consta de 3 probas.

A primeira disputouse en Touro o día 2 de abril, no mesmo circuito que o ano pasado, duro, pero bonito.

A segunda proba celebrarase na Estrada, o día 30 de abril, no circuito habitual desta proba.

A terceira e última disputarase o 7 de maio no Pino, que discorrerá polo mesmo percorrido destes últimos anos.

Haberá unha clasificación diaria para cada proba, para as categorías m-30, m-40 e m-50/60 (esta última clasificación conxunta), e así mesmo creárase outra clasificación xeral para as mesmas categorías na que o vencedor final será o corredor que máis puntos sumase nas tres probas. (sendo obrigatorio para ser o vencedor final participar e rematar as tres probas).

A entrega de premios será independente cada día entregando ao final de cada proba trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoría, tamén entregarase unha camisola de líder cada día para as categorías m-30, m-40, m-50/60. e na última proba haberá un podio a maiores para os tres primeiros clasificados da xeral da I Challenge C.C.A.G.C. O Pino-Touro-A Estrada. Na que se entregarán trofeo aos tres primeiros clasificados e camisola de lider para o primeiro clasificado de cada categoría. É obrigatorio saír coas diferentes camisolas de líderes a partir da segunda etapa e así mesmo subir ao podio coa vestimenta adecuada de cada equipo. Haberá un premio especial para o gañador final da Challenge independentemente da categoría, é dicir o vencedor será o corredor que mellores postos teña nas tres probas na categoría absoluta.

O prezo das inscricións será de 10 euros por proba.

A distribución dos puntos será da seguinte maneira:

1º clasificado: 30 puntos. 2º clasificado: 25 puntos. 3º clasificado: 20 puntos. 4º clasificado: 15 puntos. 5º clasificado: 14 puntos. 6º clasificado: 13 puntos. 7º clasificado: 12 puntos. 8º clasificado: 11 puntos. 9º clasificado: 10 puntos. 10º clasificado: 9 puntos. 11º clasificado: 8 puntos. 12º clasificado: 7 puntos. 13º clasificado: 6 puntos. 14º clasificado: 5 puntos. 15º clasificado: 4 puntos. 16º clasificado: 3 puntos. 17º clasificado: 2 puntos. 18º clasificado: 1 punto. 19º clasificado: 1 punto. 20º clasificado: 1 punto.

*** 2ª ETAPA V TROFEO DE CICLISMO CONCELLO DE A ESTRADA 30/04/2017**

A segunda proba da Challenge CCAGC, co V Trofeo Concello da Estrada.

A proba terá lugar o día 30 de abril ás 10:30 da mañá no circuito de todos os anos. Saída e chegada na Rúa 25 de Xullo.

Esta carreira está aberta ás categorías Master 30, 40, 50 e 60

Poñeranse en liza novos puntos na loita por levar a Challenge, cuxa clasificación está liderada por estes homes:

Master 30: Rubén Fernández Oliveira (Norinver)

Master 40: Iván Vidal de Sa (Código Atlántico)

Master 50: Javier de la Fuente (Norinver)

Unha proba habitual e consolidada no calendario galego, no noso habitual circuito que circula íntegramente polo Concello da Estrada. Un total de 8 voltas ao circuito que suman 77,6 km para os m-30 e m-40 e 6 voltas para os m-50/60 (58,6 km). Un circuito entretido e rápido no que non hai momento de descanso e sempre propicio o seu terreo para as escapadas. Bo asfalto e boa estrada en toda a súa totalidade e no que cabe sinalar o final de cada volta, unha subida de 2 km. Que nos levará a liña de meta, unha subida non moi dura e con pouco desnivel pero que irá acumulando dureza nas pernas dos corredores co paso das voltas. Disputaranse dúas metas voantes ao paso por liña de meta na volta 2 e na 4. Ese punto de espectáculo para os seguidores que esten en liña de meta, un sprint na súa longa recta de meta e con pendente ascendente. Ao final da proba farase a entrega de premios da carreira as como as clasificacións xerais das mesmas.

